

NON É SÓ UN SÍMBOLO. É TODO O QUE REPRESENTA

O símbolo do infinito multicolor representa a gran diversidade que existe dentro do Trastorno de Espectro Autista.



ÚNÍNDONOS Á CAUSA ...

Como cada ano, a noite do 2 de abril, miles de edificios e monumentos emblemáticos de todo o mundo **ilumínanse de azul** como mostra de solidariedade co colectivo de persoas con TEA e as súas familias, e como **centro** unirémonos a esta causa da mesma maneira.

Esta iniciativa:

- ✓ Contribúe a dar visibilidade ao colectivo e incrementa o coñecemento e tolerancia cara as persoas con TEA
- ✓ Celebra o talento e as capacidades das persoas con TEA
- ✓ Chama a atención sobre as necesidades das persoas con TEA



Evolución do nº edificios unidos á causa segundo pasan os anos


NESTE DÍA DE CELEBRACIÓN, VEN VESTIDO CON PARTE DE ENRIBA AZUL- ÚNETE Á CAUSA!

(Fotografía ao finalizar a actividade formando o infinito cos participantes)



DISTRIBUCIÓN DAS ESTACIÓNS NO RECINTO

Opción sol



- DECORACIÓN (Entrada)
- VÍDEO (Biblioteca)
- PATIOS DINÁMICOS (Patio cuberto)
- SENSORIAL (Campo fútbol)
- PICTOGRAMAS (Pared de pabellón-baloncesto)
- COMUNICACIÓN (Pared ximnasio-voley)
- PEGADA PEZA PUZZLE (Entrada ximnasio)
- MURAL (Ximnasio)

Opción choiva



- VÍDEO (Biblioteca)
- SENSORIAL (Patio cuberto infantil)
- PATIOS DINÁMICOS (Patio cuberto)
- COMUNICACIÓN (Aula de Música)
- PICTOGRAMAS (Aula multiusos)
- PEGADA PEZA PUZZLE (Entrada ximnasio)
- MURAL (Ximnasio)
- DECORACIÓN (Entrada)

MARTES 2 DE ABRIL- DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

XORNADA DE PORTAS ABERTAS



Dende o CEIP Santa Baia de Boiro, queremos convidaros á Celebración do día Mundial da Concienciación sobre o Autismo.

A actividade comezará para o alumnado ás 9:40 (2ª sesión) e rematará ás 12:55, facendo unha pausa durante o recreo. Estará distribuída en **8 ESTACIÓNS**, polas que irán rotando os diferentes niveis:

- Reprodución dun Vídeo
- Sensorial
- Patios dinámicos (AMICOS)
- Comunicación (ASPANAES)
- Pictogramas
- Pegada na peza puzzle
- Mural
- Decoración

A xornada contará coa presenza, apoio e coordinación de diferentes Asociacións que traballan con persoas con TEA.

O horario de **portas abertas** para as familias será de **9:50 a 11:00** (Recepción no hall do colexio).

Que son os trastornos de espectro autista?

Son trastornos do desenvolvemento que se manifestan nos primeiros tres anos e persisten ao longo da vida.

Afectan aproximadamente a 1 de cada 100 nacementos. Nos últimos anos produciuse un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados.

É necesario destacar que a persoa con TEA segue desenvolvéndose e aprendendo ao longo de toda a súa vida. Os rasgos que caracterizan aos TEA non desaparecen cando a persoa chega á vida adulta, aínda que as súas necesidades si van cambiando coa idade e o paso do tempo.

Dependendo do nivel de severidade do trastorno, existe:

Nivel 1: necesita axuda

Nivel 2: necesita axuda notable

Nivel 3: necesita axuda moi notable

Algunhas sinais de alerta son:



CONSTRUÍNDO UNHA SOCIEDADE MÁIS IGUALITARIA

Moitos son os servizos públicos que se están sumando ao emprego de **pictogramas con recurso comunicativo**, creando máis accesible o entorno.

Os pictogramas son un recurso capaz de adaptarse a diversos propósitos comunicativos na ensinanza que se desenvolve en contextos de diversidade.

Ademais de empregar outro canal sensorial, a vista, unha das súas maiores vantaxes é que son tanxibles e perduran no tempo e no espazo, permitindo a calquera acceder a el en todo momento.

Os pictogramas son Perceptibles, Simples e Permanentes. Estas cualidades son de gran axuda para calquera, posto que todos necesitamos claves que nos axuden a entenderlo mundo e “ordenalo” na nosa mente, pero o son especialmente para o alumnado con dificultades de atención, memoria, linguaxe e trastornos xeralizados do desenvolvemento.


¿Onde atopalos?

· Portal Aragonés da Comunicación Aumentativa e Alternativa (ARASAAC)

· ARAWORD: Software libre. Procesador de textos con pictogramas de ARASAAC

· Pictogramas na web Disfasia en Zaragoza.

· Se necesitas empregar signos nos teus pictogramas: asociación TADEGA



As 5 prioridades básicas para as persoas con TEA e as súas familias:

1. Garantir a **detección precoz** dos TEA en diferentes contextos (sanitario, educativo e social), o **diagnóstico especializado** (en calquera etapa vital) e unha **atención temperá** interdisciplinar, específica e baseada na evidencia.
2. Asegurar unha **atención integral e específica á saúde** das persoas que forman parte deste colectivo.
3. Favorecer o acceso da persoa adulta con TEA ao emprego e á **vida independente**.
4. Promover unha **ensinanza especializada, inclusiva e de calidade** para o alumnado con TEA, flexibilizando e innovando a oferta educativa existente nas distintas etapas educativas e vitais (previa á escolaridade obrigatoria e tamén na vida adulta).
5. Fomentar o **acceso igualitario** das persoas con TEA en todo o territorio español aos recursos, bens e servizos especializados, garantindo a súa existencia, viabilidade, sostibilidade e calidade, así como os apoios as súas familias.